

PROPOSTA DE ACTIVIDADES MUSICAIS

Ola rapaces e rapazas!!

Como ben sabedes tod@s, estamos a pasar unha situación delicada que aínda non sabemos moi ben o tempo que durará. Dende a área de música quero facervos chegar unha serie de recomendacións, ideas ou actividades relacionadas coa música para que estas semanas se fagan o máis amenas posibles e que mellor maneira que facelo xogando coa música. Aquí vai a miña proposta:

1ª- escoitar música cos vosos irmáns, pais, nais, avós, avoas... Calquera tipo de música, dende cancións infantís, populares, clásica, modernas,... hai tempo para todo tipo e é recomendable escoitar todo tipo de música.

2ª- Ao mesmo tempo que escoitamos música podemos cantar as cancións (si sabemos a letra) ou incluso improvisala, xa que é un modo de traballar a creatividade e a acentuación das palabras coa acentuación musical.

3ª- Tamén é moi recomendable bailar ao ritmo da música ou simplemente moverse ao ritmo das cancións. Podemos incluso marcar o ritmo con calquera tipo e instrumento de percusión que teñamos pola casa, ou con percusión corporal (palmas, pés, ...), ou tamén con calquera obxecto co cal poidamos facer música.

4ª- Outro punto interesante sería a dramatización de cancións ou contos musicados, acompañando a música con movementos asociados á letra da canción ou interpretando os contos cos distintos personaxes onde poden participar todos os membros da familia.

5ª- Tamén é un bo xeito de pasar estes días creando e construíndo os nosos propios instrumentos con materiais de refugallo (tambores, maracas, ...). Existen moitos tutoriais en youtube de cómo facelos, pero tamén sería interesante usar a vosa creatividade e discurrir vos mesmos/as os vosos instrumentos. Se alguén se anima pode traer os instrumentos creados cando se retomen as clases e explicarnos o que fixo e cómo o fixo.

6ª- Quero animarvos a que realicedes estas dúas actividades moi interesantes onde soamente precisades dous obxectos que tedes pola casa seguro: iogures e xornais. Mira que divertidas!

<https://youtu.be/iqunQusa9cE> Audición con envases de iogures.

<https://youtu.be/3iYqXjl6Etw> Percusión con xornais.

7ª- Sería recomendable que os alumn@s de 3º a 6º de Primaria non vos olvidárades de practicar a fruta doce (recórdovos q hai **sordinas** que podedes mercar online ou en librerías e así non molestamos tanto á familia e aos veciños)

Déixovos como exemplos varios enlaces de tutoriais con cancións sinxelas para poder tocar:

Para 3º e 4º

<https://youtu.be/A6aJccKL9yw>

<https://youtu.be/MhRcl-Xjeyk>

<https://youtu.be/XmmaTb2Kfk4>

<https://youtu.be/ZmVaY4uuOvM>

<https://youtu.be/Doxconb-hDQ>

<https://youtu.be/1jxGYVRjmyA>

<https://youtu.be/49R4B2tpNcs>

Para 5º e 6º

https://youtu.be/k1n_EIIdNoc
<https://youtu.be/pWn98U8tS6k>
<https://youtu.be/ing5O86Kmgg>
<https://youtu.be/7hffDO0pSMQ>
<https://youtu.be/z62lhAm5xdE>

8ª- E por último, propóñovos varios retos musicais que podedes gravar cando os realicedes e se queredes, compartilos connigo e cos vosos compañeir@s cando reanudemos as clases:

Canción: A vida é bela <https://youtu.be/6OPEaGXluhc>

Grávate mentres cantas e interpretas con xestos esta fermosa canción e así fará que te lembres do fermoso que é vivir. Pode colaborar a túa familia tamén.

Danza: Alunelul <https://youtu.be/93cISuPKbgg>

Grávate bailando esta preciosa danza pero ten coidado porque cada vez vai mais rápido. Pode intentalo contigo a túa familia tamén.

Canción: Bajo el mismo sol <https://youtu.be/aNHwNreDp3A>

Atrévete e crea unha coreografía para esta coñecida canción. Non olvides gravala, podemos bailala toda a clase á volta deste confinamento.

Música e movemento: El baile del cuerpo <https://youtu.be/z6DoPp-LkTA>

Para os mais peques, pedide que vos graven mentres seguides este baile para utilizar todas as partes do noso corpo.

Percusión corporal: <https://youtu.be/jvTy-CM90JY>

Anímate e atrévete a facer este ritmo pop con percusión corporal. Non esquezas gavarte ou gravaros.

Non te desanimes se algo non che sae, o importante é disfrutar da música e coa música.

Agardo veros pronto a tod@s, porque será sinal de que esta situación extraordinaria e provisional rematou, e non esquezades... todo vai sair ben. Coidádevos moito.

Unha aperta dende a distancia.

Rebeca